



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Na Casa de Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas e dez minutos do día trinta e un de agosto de dous mil sete, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario Titular, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D. Luis Varela Pérez, D<sup>a</sup> Pilar Méndez Lombao, D. Serafín Vázquez Arias, D<sup>a</sup> Sandra Abeledo Sánchez, D. Miguel Ángel López Varela, D<sup>a</sup> Vitoria Fernández Vigo, D. José Manuel Carral Méndez, D. Arcadio Lombao Román e D<sup>a</sup> Dulce María Neira Fraga, membros que constitúen o Pleno deste Concello na súa totalidade, có obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasóuse ó exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### **1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA CELEBRADA O PASADO DÍA 29 DE XUÑO DE 2007.**

Ponse de manifesto os membros da Corporación o acta da sesión plenaria celebrada o pasado día 29 de xuño de 2007, cuxa copia se remitiu os Concelleiros adxunta a notificación da convocatoria da presente sesión.

Pregunta o sr. Pardo Lombao se algún membro da Corporación quere facer uso da palabra.

O sr. Miguel Angel López y Varela, voceiro do PSdG-PSOE, manifesta que, o seu xuízo, existe un erro na acta sometida a votación, en tanto se lle atribúe unha titulación académica que non corresponde coa súa. Así, no debate relativo á composición da comisión de deslinde co termo municipal de lugo, no parágrafo no que se sintetizan os seus motivos de desacordo coa proposta da Alcaldía, se lle atribúe a titulación de inxeniero de Montes. Esa atribución de titulación debe ser correxida, en tanto el non se atribuíu tal titulación, xa que non a ten.

Sométese a votación a aprobación do citado acta, coa corrección solicitada polo concelleiro intervinente. Realizada a votación, o acta queda aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

### **2. APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCIZO ORZAMENTARIO 2006.**

Iníciase o expediente mediante a posta de manifesto do acta da sesión da Comisión Especial de Contas, celebrada o pasado día 1 de xuño de 2007, no que se informa favorablemente a aprobación da Conta Xeral do exercizo orzamentario 2006.

Intervén o sr. Arcadio Lombao, voceiro do Grupo Municipal do BNG, anunciando que o seu grupo votará en contra da aprobación da Conta Xeral, por coherencia coa postura mantida no seo da Comisión Especial de Contas, e coa postura mantida na



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

aprobación do Orzamento Xeral para o exercizo 2006, do que a Conta Xeral non é senón a expresión contable da súa execución.

Fai uso da palabra o sr. Miguel Angel López y Varela, voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, que, asemade, anuncia o seu voto en contra da aprobación, xa que non se pode votar unha conta que expresa a execución dun orzamento co que non está dacordo.

Recorda o sr. José Pardo Lombao, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, que este debate é o que se repite tódolos anos, xa que tódolos anos os grupos da oposición confunden o debate que debe anteceder a aprobación do orzamento co debate derivado da aprobación da Conta Xeral.

En efecto, o Orzamento é un documento cun marcado carácter político, en tanto habilita crediticiamente á implantación das políticas públicas do equipo de goberno. Nembargantes, a Conta Xeral é un documento en cuxa confección rixen criterios exclusivamente técnicos, e súa aprobación implica conformidade técnica na súa formación.

Por iso, engade o sr. Pardo Lombao, o equipo de goberno pode considerarse satisfeito se o único argumento que esgrime a oposición para rexeitar a aprobación da Conta Xeral é a súa disconformidade co Orzamento.

Sométese a votación a aprobación da seguinte proposta de resolución:

“Aprobar a Conta Xeral do Exercizo Orzamentario 2006”

Efectuada a votación, a proposta de resolución resulta aprobada con seis votos a favor e cinco votos en contra, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do PSdG-PSOE e BNG.

### **3. RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS.**

Iníciase o expediente mediante a posta de manifesto polo sr. Alcalde das novas inclusións no Inventario Municipal de Bens e Dereitos, que consisten na inclusión de cinco porcións de viais e de dous fincas rústicas.

Asegura que o Inventario se está a actualizar paulatinamente, en función das dispoñibilidades técnicas e de persoal.

Pregunta o voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, cál foi a finalidade da adquisición da parcela ubicada en Santa Isabel.



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Respóstalle o sr. Pardo Lombao que a finalidade foi a de ir adquirindo gradualmente os terreos que forman o área recreativa de Santa Isabel, xa que non todo o área é de titularidade municipal.

Intervén o sr. Arcadio Lombao Román, voceiro do grupo municipal do BNG, asegurando que aínda falta bastante para actualizar o inventario, e que existen numerosas fincas de titularidade municipal nas parroquias que foron apropiadas polos veciños. Debe axilizarse a actualización do inventario, coa finalidade de evitar estes actos de usurpación que privan a veciñanza do disfrute da propiedade de todos.

Fai uso da palabra o sr. Alcalde, que manifesta que a postura do equipo de goberno é clara: Se os veciños queren que unha propiedade sexa pública, esta se acepta polo concello e se inventaria. Pero nunca se inventariarán as fincas de dudosa titularidade.

É dicir, únicamente se inventarian as fincas de titularidade clara ou aquelas que así o soliciten os veciños.

Por outra banda, solicítalle coherencia ao voceiro do BNG, xa que agora plantexa esta necesidade e despois se abstén na votación de inclusión no inventario, como xa ocorreu en algunha ocasión.

Respóstalle o sr. Arcadio que o único caso no que se abstivo foi debido a que a proposta beneficiaba a un concelleiro do seu grupo.

Asegura o sr. Pardo Lombao que a obriga de absterse únicamente alcanzaba ao concelleiro beneficiado, non a él. E recorda que a liña de actuación é clara: non inventariar parcelas de titularidade dubidosa.

Asegura Arcadio que é necesario evitar a apropiación polos veciños de fincas cuxo uso debe corresponder á totalidade da veciñanza, por ser bens de natureza pública.

Respóstalle o sr Pardo Lombao que existen moitas formas de que os bens sexan públicos: por ser de titularidade municipal, parroquial ou de outras administracións públicas.

Ademáis, é consciente da conveniencia de que as parroquias dispoñían de espazos públicos, e recorda que en ocasións, o Concello de Outeiro de Rei mercou fincas de particulares para adicalas a campos sociais, pero nunca vai a asumir a titularidade de parcelas en contra da vontade dos veciños.

Sométese a votación a seguinte proposta de resolución:

“Incluir no Inventario Municipal de Bens e Dereitos as seguintes fincas:



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

FINCA RÚSTICA Nº 3

CANDAI

NOME: PARCELA Nº 282, POLÍGONO 38. (“HORTEIRO”)

NATURALEZA DO INMOBLE:

Ben de natureza patrimonial

Prescripción: Dominio público adscrito ao servizo municipal de abastecemento domiciliario de auga potable

SITUACIÓN:

Parroquia:Candai

Núcleo / lugar: Candai.

Lindeiros:

Norte: Carretera

Sur: José María Roibás Pena

Este: Camino Municipal.

Oeste: Camino Público.

SUPERFICIE: 40 Ca.

EDIFICABILIDADE ASIGNADA: ---.

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: compraventa a don Antonio Vilar Pena, elevada a escritura pública perante o Notario dona Monserrat Trigo Mayor, con data de 13 de marzo de 2007.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: en trámite de inscrición

FINCA RÚSTICA Nº 4

OUTEIRO DE REI

NOME: PARCELA Nº 394, POLÍGONO 25. DENOMINADA “SANTA ISABEL”



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

### NATURALEZA DO INMOBLE:

Ben de natureza patrimonial

Prescripción:

### SITUACIÓN:

Parroquia: Outeiro de Rei

Núcleo / lugar: SANTA ISABEL – OUTEIRO DE REI

Lindeiros:

Norte: Herederos de Ramón Barrera Rodríguez y esposa.

Sur: Herederos de Rosa López Martínez

Este: Camino.

Oeste: Herederos de Ramón Barrera Rodríguez y esposa..

SUPERFICIE: cinco áreas y sesenta y siete centiáreas.

EDIFICABILIDADE ASIGNADA: ----.

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Compraventa a dona María Carmen Losada López, elevada a escritura pública perante o Notario José María Gamallo Aller, con data de 29 de xullo de 2003 e número de protocolo: 601.

### SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: en trámite de inscrición.

PORCIÓN VIAL Nº 49

SILVARREI

NOME: PORCIÓN DE VIAL EN PAPE - SILVARREI

### NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

### SITUACIÓN:

Parroquia: SILVARREI

Núcleo/lugar: PAPE - SILVARREI



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Lindeiros: NORTE: José Pena Illán; SUR: Camiño e Encarnación González Illán e outros; ESTE: Camiño e OESTE: finca matriz.

SUPERFICIE: 324,20 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: cesión urbanística, de data 25 de abril de 2007.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

PORCIÓN VIAL Nº 50

SILVARREI

NOME: PORCIÓN DE VIAL EN CONSTANTE - SILVARREI

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: SILVARREI

Núcleo/lugar: CONSTANTE - SILVARREI

Lindeiros: NORTE: Luis Vigo; SUR: Parcela nº 10006; ESTE: finca matriz (parcela 10008, polígono79) e OESTE: camiño.

SUPERFICIE: 223 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: cesión urbanística, de data 9 de maio de 2007.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

PORCIÓN VIAL Nº 51

SANTA MARIÑA

NOME: PORCIÓN DE VIAL EN SANTA MARIÑA

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: SANTA MARIÑA

Núcleo/lugar: SANTA MARIÑA

Lindeiros: NORTE: Finca matriz; SUR: Camiño público; ESTE: Parcela nº 135 e OESTE: Parcela nº 148.

SUPERFICIE: 43,50 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: cesión urbanística, de data 10 de maio de 2007.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

PORCIÓN VIAL Nº 52

TABOI

NOME: PORCIÓN DE VIAL EN TABOI

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: TABOI



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Núcleo/lugar: TABOI

Lindeiros: NORTE: Rosa de Pozo; SUR: Más de Vicente Martínez, Ramón Martínez e José Varela; ESTE: finca matriz (parcela nº 465, polígono 14) e OESTE: camiño público.

SUPERFICIE: 93,4 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: cesión urbanística, de data 13 de abril de 2007.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

PORCIÓN VIAL Nº 53

SAN MARTÍN DE GUILLAR

NOME: PORCIÓN DE VIAL EN SAN MARTÍN DE GUILLAR

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: SAN MARTÍN DE GUILLAR

Núcleo/lugar: SAN MARTÍN DE GUILLAR

Lindeiros: NORTE e OESTE: Camiño; ESTE: coa finca matriz (parcela 388, polígono 67) e SUR: Manuel González Picado.

SUPERFICIE: 429 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: cesión urbanística, de data 10 de maio de 2007.

SITUACIÓN REXISTRAL:





## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Rexistro da Propiedade: non consta”

Efectuada a votación, a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

#### **4. MOCIÓNS REGULAMENTARIAMENTE PRESENTADAS**

Non se presentaron mocións a incluír neste punto da orde do día.

#### **5. ROGOS E PREGUNTAS.**

Polo sr. Secretario dase lectura ao escrito de preguntas presentado polo Grupo Municipal do BNG, con data de rexistro de entrada de 31 de agosto de 2007 e número de rexistro 1.428, do seguinte teor literal:

*“D. ARCADIO LOMBAO ROMÁN e Dna. DULCE MARÍA NEIRA FRAGA, como concelleiros integrantes do grupo municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da legislación vixente, presentan as seguintes preguntas para a súa contestación no pleno ordinario do 31 de agosto de 2007.*

##### *PREGUNTAS*

*1.- ¿Cal foi o motivo polo que o Concello non reparou as deficiencias existentes no campo de fútbol do “Telefunken”, e que a Xunta Directiva do F. C. Bonxe lle deu conta delas ao final da tempada (falta de auga, ausencia de auga quente nas duchas, mobiliario dos vestiarios, habilitar unhas gradás...)?*

*2.- ¿Ten previsto a equipa de goberno, levar a cabo as reparacións e obras necesarias no mencionado campo, antes do comezo da nova tempada?*

*Outeiro de Rei, a 31 de agosto de 2007”*

Resposta o sr. José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, que o motivo de que a día de hoxe non estén rematas as obras é que o persoal do concello estivo de vacacións, pero asegura que, a día de hoxe, os vestiarios dispoñen de auga, e que, nestes intre, se están a reparar os calentadores.

Asemade, asegura que, como tódolos anos, o campo disporá de auga quente e que se arranxarán os vestiarios.



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Nembargantes, non se farán as gradas, se ben se están a buscar fontes de financiación, tanto polo Concello de Outeiro de Rei, como polos propios equipos de fútbol. A día de hoxe, e a pesar da solicitude oficialmente cursada, non existe resposta pola consellería competente.

Por outra banda, recorda que o Concello de Outeiro de Rei asume os custes da auga, da electricidade, etc, que orixinan o mantemento dos campos de fútbol municipais, así como as reparacións ordinarias.

Hoxe en día, se están a reparar os vestiarios do campo de fútbol de San Lorenzo, e se seguirá a invertir na conservación e mellora das instalacións deportivas.

Dende aquí, se traslada á Xunta de Galicia e a Deputación de Lugo, unha petición de que apoie a actuación municipal de mellora progresiva dos campos.

E asegura que o equipo de goberno non se esquece, nin dos campos de fútbol, nin dos equipos.

Polo sr. Secretario dase lectura ao escrito de preguntas presentado polo Grupo Municipal do PSdG-PSOE, con data de rexistro de entrada de 31 de agosto de 2007 e número de rexistro 1.431, do seguinte teor literal:

*“O concellal, Portavoz do GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, ó amparo da legislación vixente en materia de Réxime Local, presenta este escrito o Pleno do Concello de Outeiro de Rei, como PREGUNTAS o Equipo de Goberno, con relación o punto 5º da Orde do Día do Pleno da data:*

*1ª- Con respecto a estrada LU-115 (antigua CP39-01) Outeiro de Rei (NVI)-Castro ¿ten o noso Concello a obriga de modificar a traida de augas que está trazada pola beira da rúa no acondicionamento e ampliación da mesma? En caso afirmativo, ¿o importe que supón dita modificación está cuantificado e a canto ascende? ¿Qué prazo preve o concello para o inicio e a realización desta obra?*

*2ª- ¿Quen é o concellal responsable da área de economía e da área de urbanismo?*

*Outeiro de Rei, a 30 de agosto de 2007”*

Resposta o sr. Alcalde que, quen executa unha obra e afecta as intalacións de servizos preexistentes, ten a obriga de repoñelos. Sería inaceptable outra cousa.

Recórdalle ao voceiro do PSdG-PSOE, que é a súa obriga a de defender os intereses do Concello de Outeiro de Rei. E que tería algunhas preguntas que facer a súa consellería, como cál é o motivo do retraso nas expropiacións; porqué se acordou unha



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

financiación para os exercizos 2007-2008; a qué se debe o retraso na execución material da obra...

Nembargantes, non pretende buscar o conflito coa consellería, xa que débese colaborar na execución dunha obra moi interesante para este concello.

En resposta á segunda das preguntas, advirte ao interpelante que se nota que leva pouco tempo como concelleiro ao presentar esta pregunta. E recórdalle que de tódalas delegacións efectuadas se deu conta ao Pleno.

E non habendo máis asuntos a tratar, pola Presidencia dase por finalizada a sesión, sendo as trece horas e cuarenta minutos, da que eu Secretario, extendo a presente acta có visto e praxe do Sr. Alcalde.

Vº e Praxe,  
O Alcalde,